

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 24 DE XUÑO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Decreto polo que se aproba a actualización do Manual de identidade gráfica Xacobeo 2021-22.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o Catálogo de estradas da Rede autonómica de estradas de Galicia.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Cabana de Bergantiños de dous treitos antigos da estrada AC-429.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproba o Plan de acción 2021-2023 do modelo dixital de atención sociosanitaria para residencias de maiores e discapacidade.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Negreira, para o financiamento da redacción do plan xeral de ordenación municipal, por un importe de cento vinte e seis mil cincocentos vinte e dous euros (126.522 €) equivalente ao 90 % do custo de redacción do PXOM.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Marín, para o financiamento da construción do novo equipamento sociocultural, por un importe total de dous millóns de euros (2.000.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e o Concello de Mondoñedo (Lugo) para a creación dun centro de rexeneración urbana de interese autonómico, por un importe de cento trinta e oito mil seiscientos setenta e cinco euros con cincuenta céntimos (138.675,50€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Consellería do Mar, a través do ente público Portos de Galicia, e o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos da Demarcación de Galicia, para a elaboración dunha guía de recomendacións básicas para a integración paisaxística das instalacións portuarias da Xunta de Galicia, por un importe de trinta e oito mil oitocentos euros (38.800 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Boimorto para o saneamento en Viladóniga, Outeiro e Pedral. Boimorto (A Coruña), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do Eixe REACT UE do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, por importe de cincocentos corenta mil euros (540.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, a Deputación provincial de Ourense e o Concello de Bande para a mellora da seguridade viaria na travesía de Bande, por importe total de setecentos vinte e seis mil douscentos cinco euros con setenta céntimos (726.205,70 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Vigo (UVigo) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2021-2022, por un importe total de catro millóns oitocentos setenta e nove mil euros (4.879.000 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade da Coruña (UDC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2021-2022, por un importe total de catro millóns catrocentos vinte e sete mil oitocentos noventa e tres euros (4.427.893 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a University of Oxford (Reino Unido) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Rosalía de Castro para rehabilitar o auditorio da Casa Museo de Rosalía de Castro, por un importe total de cen mil euros (100.000 €); e polo que se autorizan os pagamentos anticipados en porcentaxe superior á establecida no artigo 63.1.dous do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e a exención da obriga de constituír garantía para os pagamentos anticipados.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o décimo quinto acordo de prórroga ao concerto asinado o 18 de outubro de 2001, publicado pola Orde do 20 de decembro de 2001, subscrito entre a Universidade da Coruña e o Servizo Galego de Saúde, para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1.7.2021 ao 30.6.2022, por un importe de novecentos vinte e tres mil oitocentos oitenta e tres euros con sesenta céntimos (923.883,60 €).
- Acordo polo que se autoriza o décimo sexto acordo de prórroga ao concerto asinado o 20 de abril de 2001, publicado pola Orde do 18 de xuño de 2001, subscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde, para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1.7.2021 ao 30.6.2022, por importe total de tres millóns setecentos setenta mil cincocentos vinte e catro euros con cincuenta e oito céntimos (3.770.524,58€).
- Acordo polo que se autoriza o décimo quinto acordo de prórroga ao concerto asinado o 18 de outubro de 2001, publicado pola Orde do 20 de decembro de 2001, subscrito entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde, para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

1.7.2021 ao 30.6.2022, por importe de setenta e dous mil trinta e catro euros con setenta e cinco céntimos (72.034,75 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e a Casa Nuestra Señora de Fátima y Cristo Rey Esclavas de la Virgen Dolorosa, para o financiamento dos gastos derivados da execución de programas de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas con discapacidade, no exercicio 2021. Importe: cento noventa e catro mil setecentos trinta e catro euros (194.734 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Fundación Paideia Galiza para o desenvolvemento dun proxecto para a mellora do material forestal de reprodución, durante os anos 2021, 2022, 2023 e 2024, por un importe total de douscentos dezaseis mil seiscientos nove euros con trinta e oito céntimos (216.609,38 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e a Fundación Juana de Vega para o desenvolvemento do proxecto de innovación (acción de cooperación, AC2020-06) Valorización comercial de variedades vexetais de Galicia, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Plan de desenvolvemento rural de Galicia (PDR) 2014-2020, por un importe de cincuenta e sete mil setecentos sesenta e tres euros con cincuenta e seis céntimos (57.763,56 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual (2021-2023) e a modificación da porcentaxe sinalada para o importe conxunto dos pagamentos á conta no artigo 62.4 do Decreto 11/2009, correspondentes á Orde pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan as bolsas de formación de persoal auxiliar en materia de investigación mariña.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre o Plan de renovación do equipamento mobiliario na Administración de xustiza en Galicia 2018-2021. Balance das actuacións realizadas e previsión de novas actuacións.
- Informe sobre as obras menores en albergues.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a resolución das axudas para a mellora das infraestruturas dos parques empresariais galegos e para a creación de viveiros industriais.
- Informe sobre os programas de deseño promovidos pola Xunta de Galicia para impulsar a innovación e a sustentabilidade no tecido empresarial galego.

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Informe sobre o acordo entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a posta en marcha dun campus virtual, para a realización de actividades de formación promovidas desde a Dirección Xeral de Formación e Colocación da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre convocatoria de concurso oposición para o acceso a dezasete categorías de persoal estatutario facultativo e de xestión e servizos.
- Informe sobre a aplicación en Galicia da Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

APROBADO O DECRETO PARA ACTUALIZAR A REGULACIÓN DA MARCA XACOBEO 21-22

- A decisión da Santa Sé de prolongar o Ano Santo ata o 31 de decembro de 2022 fai necesario modificar o manual de identidade gráfica da marca Xacobeo 21 anterior á prórroga
- A Administración xeral e o sector público autonómico poderán empregar ata esgotar existencias o material corporativo impreso con anterioridade á entrada en vigor deste decreto

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de decreto polo que se actualiza a regulación da marca Xacobeo 2021 que recollía o manual de identidade gráfica anterior á prórroga do Ano Santo ata o 31 de decembro de 2022. O manual aplicarase a toda a gama de produtos de comunicación da marca Xacobeo 21-22 co obxectivo de darlle á imaxe de marca identidade e coherencia na súa comunicación arredor dos dous elementos sobre a que se constrúe: a cuncha de vieira e un logotipo deseñado con letras personalizadas.

Cómpre lembrar que o pasado 9 de abril, o Consello Xacobeo aprobou a actualización do logotipo do acontecemento excepcional interese público Ano Santo Xacobeo 2021 para a súa adaptación á duración do programa de beneficios fiscais ata o 30 de setembro de 2022, segundo se recolle no Real decreto 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto da COVID-19.

A decisión da Santa Sé de prorrogar o Ano Santo ordinario de 2021 ata o 31 de decembro de 2022 por mor da pandemia para evitar aglomeracións, como se recolle no decreto da Penintenciaría Apostólica do 1 de decembro de 2021, constitúe unha oportunidade de potenciar Galicia e de reforzar a dimensión internacional dos Camiños de Santiago e da propia comunidade. Por iso se fai necesario actualizar a regulación da marca Xacobeo 21 que recollía o manual de identidade anterior á prórroga do Ano Santo.

A marca Xacobeo 21-22 aplicarase sempre que proceda á adquisición, reposición ou reedición dos elementos que deban exhibila, sen prexuízo de que a Administración xeral e o sector público autonómico seguirán empregando ata esgotarse as existencias de material impreso de papelería corporativa anteriores á entrada en vigor do decreto.

O manual estará dispoñible no enlace <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/xacobeo-21-22?langId=%C3%A9%20%C3%8B> e o decreto estará vixente desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) ata o 31 de decembro de 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOVO CATÁLOGO DE ESTRADAS AUTONÓMICAS

- O obxectivo é actualizar e adaptar a relación de vías autonómicas aprobada en 2003 á normativa vixente en materia de estradas e adaptar a xestión desas vías á súa funcionalidade
- Este catálogo contén a clasificación das autoestradas, autovías e vías convencionais, a súa denominación, os puntos inicial e final de cada un dos treitos e a súa respectiva lonxitude
- O documento categoriza funcionalmente os 5.508,26 km de estradas da Rede autonómica en Rede estruturante, complementaria e local
- Esta clasificación rebaixa a liña límite de edificación para as estradas da rede local desde o 15 ata os 7 metros, o cal beneficiará os veciños e a actividade económica

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o novo Catálogo de estradas autonómicas.

O obxectivo é actualizar e adaptar o catálogo á normativa vixente en materia de estradas, substituindo a relación de vías autonómicas aprobada no ano 2003, o que permitirá tamén unha xestión das vías que responda mellor á súa funcionalidade. Para isto, este documento someteuse a información pública en marzo co fin de que calquera persoa física ou xurídica puidese formular as alegacións que considerase pertinentes.

O Catálogo da Rede autonómica de estradas de Galicia contén a clasificación das autoestradas, autovías, vías para automóviles e estradas convencionais, a súa denominación, os puntos inicial e final de cada un dos treitos e a súa respectiva lonxitude e a súa representación gráfica.

Este documento tamén categoriza funcionalmente as estradas en Rede estruturante, complementaria e local. Dos 5.508,26 quilómetros totais, 1.312,80 pertencen á primeira, 1.359,99 á segunda e 2.835,47 á terceira.

Esta división fundaméntase na categoría dos núcleos urbanos ou centros de actividade a que serve, así como na función que desempeña en relación coa ordenación do territorio e o sistema de transporte. Esta categorización apóiase na xerarquía que as directrices de ordenación do territorio establecen para os núcleos de poboación galegos.

A Rede estruturante está formada polos grandes eixes autonómicos que, xunto coa rede Rede de estradas do Estado, vertebran o territorio e o conectan con Portugal, Asturias e Castela e León; os espazos urbanos; os nodos do sistema urbano intermedio; os aeroportos e portos de interese xeral do Estado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Rede complementaria está integrada polas estradas autonómicas que, xunto coa Rede de estradas do Estado e a Rede estruturante, conectan os nodos para o equilibrio do territorio. Ademais, son as que constitúen o principal acceso aos parques empresariais e ás estacións de ferrocarril de alta velocidade, cando non se acceda a través doutras estradas.

A Rede local está formada por todas as estradas autonómicas non incluídas na Rede de estradas do Estado, na Rede estruturante ou na Rede complementaria.

Esta clasificación funcional implica tamén que é precisa unha maior protección do dominio público viario no caso das redes de maior xerarquía, e pódese reducir no caso da rede local.

Así, a liña límite de edificación, establecida en 15 metros no caso de estradas convencionais, rebaixarase a 7 metros para a rede local unha vez que entre en vigor o decreto polo que se aproba o Catálogo de estradas, o cal beneficiará os veciños e a actividade económica.

Plano do Catálogo de estradas autonómicas na provincia de Pontevedra:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS DE DOUS TREITOS ANTIGOS DA ESTRADA AUTONÓMICA AC-429

- Transfírense dous treitos situados na marxe esquerda, entre os puntos quilométricos 2+790 e 2+940 e entre os quilómetros 6+890 e 6+980
- A entidade local terá competencia para actuar nestes treitos e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Cabana de Bergantiños de dous treitos antigos da estrada autonómica AC-429, que comunica Ponteceso e Laxe.

O Concello solicitou ao departamento de Infraestruturas da Xunta a transferencia da titularidade de dous treitos desta antiga estrada que atravesan o municipio, situados na marxe esquerda, entre os puntos quilométricos 2+720 e 2+940 e os puntos 6+890 e 7+000.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas na Coruña, formula a proposta favorable de transferencia dos citados tramos antigos da AC-429: o primeiro, duns 156 metros de lonxitude, e o segundo, duns 103 metros, en ambos os dous casos sen funcionalidade dentro da rede de estradas autonómicas.

A transferencia a prol do Concello de Cabana de Bergantiños tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.


O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Nas seguintes imaxes amósanse os tramos obxecto de transferencia:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA UN PLAN DE ACCIÓN PARA DIXITALIZAR A ATENCIÓN SOCIO SANITARIA QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 24 MILLÓNS DE EUROS EN TRES ANOS

- *O Consello aproba o Plan de Acción 2021-2023 do modelo dixital de atención socio sanitaria para residencias de maiores e discapacidade*
- *Facilitarase a participación das familias no proceso de coidado e impulsarase a autonomía persoal e a vida independente a través de servizos personalizados*
- *O plan permitirá a configuración de residencias e fogares intelixentes e impulsará a historia social única electrónica*
- *Inclúe o desenvolvemento dunha plataforma que permitirá realizar un censo global de residentes en centros de maiores e de persoas con discapacidade*
- *As persoas que requiren de atención socio sanitaria disporán nos seus fogares de sistemas avanzados de comunicación e ferramentas de estimulación cognitiva, e accederán a servizos tecnolóxicos de teleasistencia*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Plan de acción do modelo dixital de atención socio sanitaria para residencias de maiores e persoas con discapacidade para o período 2021-2023, que implicará un investimento global de 24 millóns de euros.

O documento aprobado hoxe, elaborado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Consellería de Política Social, actuará en tres eixes: a creación dunha plataforma de atención socio sanitaria, o desenvolvemento dun modelo de residencia intelixente e a configuración dun fogar intelixente que promocioe a autonomía persoal.

Esta ferramenta permitirá a elaboración dun censo global de residentes, a coordinación dos sistemas de información socio sanitarios, a evolución da ferramenta de xestión de actividade das residencias e a mellora da aplicación de xestión do sistema de dependencia.

O modelo de residencia intelixente que se vai implantar disporá de solucións para a protección e o control de usuarios e profesionais, porá a disposición das persoas residentes ferramentas de comunicación coas familias e implantará sistemas para mellorar o confort nos espazos interiores dos centros residenciais.

En canto ao fogar intelixente, haberá unha evolución nas canles de comunicación coas familias, promoverase a autonomía persoal mediante ferramentas de estimulación cognitiva e avanzarase na incorporación da teleasistencia avanzada na oferta de servizos sociais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os obxectivos deste Plan de Acción son facilitar a participación das familias no proceso de coidado, impulsar a autonomía persoal e a vida independente a través de servizos personalizados e autónomos, fomentar a transparencia das tarefas de administración e xestión, proporcionar unha visión integrada dos coidados e estimular a excelencia.

Modernización tecnolóxica das residencias

A incorporación desta ferramenta enmárcase na modernización tecnolóxica das residencias de maiores e persoas con discapacidade. Trátase dun dos eixes principais, xunto coa coordinación sociosanitaria e as melloras estruturais, do novo modelo de coidados en que a Xunta está a traballar xunto co Comité Asesor Sociosanitario.

Esta novidade facilitará unha xestión integral, con perspectiva sociosanitaria, da saúde e do benestar das persoas que viven nas residencias. En definitiva, trátase dun sistema máis avanzado que o Ianus —actual sistema de historia clínica— que xa se está a implantar nun centenar de residencias, coa previsión de que chegue aos máis de 300 centros deste perfil que hai en Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 130.000 € Á REDACCIÓN DO NOVO PXOM DE NEGREIRA

- O Consello dá o visto e prace ao convenio de colaboración polo que se actualizará a ferramenta de ordenación municipal deste concello
- A subvención de PXOM é unha das liñas de actuacións da Xunta para conseguir que as entidades locais contén cun planeamento urbanístico actualizado e acorde coa normativa vixente, situación en que xa se atopan 111 municipios galegos

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Negreira para a redacción do novo plan xeral de ordenación municipal (PXOM).

O convenio prevé un orzamento de 126.522 euros, que se corresponde co 90 % do custo de redactar esta ferramenta de ordenación, co fin de renovar o PXOM vixente, que fora aprobado hai 22 anos.

Foi no ano 1999 cando se produciu a aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Negreira, adaptado á Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, que posteriormente foi derogada pola Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

En todo caso, o PXOM en vigor en Negreira tampouco é acorde coa actual normativa, pois na actualidade rexe a Lei 1/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, unha circunstancia que tamén xustifica a redacción dun novo documento.

Deste xeito, a colaboración entre a Xunta e o Concello constitúe unha razón de interese público en canto que os cidadáns obterán unha maior seguridade xurídica no referido á normativa urbanística reguladora dos seus inmobles, xa que se adaptará un documento obsoleto á lexislación vixente.

Tal e como se recolle no texto do convenio, establécense catro anualidades ou aboamentos que se efectuarán a medida que a entidade local acredite a superación destas. Así, a primeira poderá aboarase xa en 2021, en canto asine o contrato de redacción; a seguinte (2022) será coa entrega do borrador e do documento inicial; a terceira (2023) coincidirá coa certificación da aprobación inicial; e a última (2024) dividirase en dous pagamentos: o momento en que se certifique a aprobación provisional por parte do órgano municipal e cando se obteña a aprobación final por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre lembrar que a subvención de plans xerais de ordenación municipal é unha das liñas de actuacións da Xunta de Galicia para conseguir que os concellos contén cun planeamento urbanístico actualizado e acorde coa normativa vixente, situación en que xa se atopan 111 municipios galegos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COFINANCIARÁ CON 2 M€ A CONSTRUCCIÓN DO NOVO AUDITORIO DE MARÍN

O Consello dá o visto e prace ao convenio de colaboración co Concello polo que levará a cabo esta nova infraestrutura cultural, cunha achega dun 50 % sobre o orzamento total por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Marín para a construción dun auditorio nesta vila da provincia de Pontevedra, que na actualidade carece del.

Así, o departamento que dirixe Ángeles Vázquez cofinanciará a construción desta nova infraestrutura cultural, para o que reserva 2 millóns de euros. Deste xeito, a Xunta achegará o 50 % do investimento necesario para a materialización deste proxecto, cuxo orzamento total é de 4 millóns de euros.

Grazas a esta actuación dinamizarase a vida social e cultural do municipio e, sobre todo, habilitarase un espazo moderno e acondicionado para fomentar a reunión e participación de toda a cidadanía.

Esta colaboración tamén permite mellorar a oferta de equipamentos sociais e culturais no núcleo urbano, con déficit deste tipo de dotacións, ao tempo que se fomenta a rexeneración económica, social e ambiental das inmediacións da única zona industrial de Marín, o porto.

Trátase, en definitiva, de reinterpretar a idea de barrio e abordalo como un espazo de relación para a veciñanza, en que se pon en valor a calidade da convivencia social nun único marco que combine diferentes usos.

Cómpre lembrar que Marín conta cunha estratexia de desenvolvemento sustentable e integrado (Edusi) en que se recolle a construción dun equipamento sociocultural que na actualidade non existe, polo que coa súa construción se dá resposta a unha vella demanda.

Unha vez que o Consello da Xunta autoriza a sinatura do convenio, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Marín poden asinalo, un trámite previo e necesario para a licitación das obras.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA COMPLETA A SÚA PRIMEIRA ÁREA REXURBE COA CREACIÓN DO CENTRO DE REXENERACIÓN URBANA DE MONDOÑEDO

Converterase no punto de información, asesoramento, xestión, seguimento e difusión da Área Rexurbe do municipio, co obxectivo de impulsar as actuacións de recuperación, rexeneración e dinamización urbanísticas

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Mondoñedo para a creación do centro de rexeneración urbana do municipio, co que por primeira vez en Galicia se completará unha Área Rexurbe con todos os elementos que a compoñen.

As áreas Rexurbe foron creadas ao abeiro da Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia de 2019, co obxectivo de facilitar a recuperación dos conxuntos históricos declarados bens de interese cultural (BIC).

A de Mondoñedo foi a primeira declarada na Comunidade —febreiro de 2020— e o seu ámbito comprende o conxunto histórico do municipio e unha zona contigua, de características similares, que alcanza en total unha superficie de 0,45 km², en que se localizan 704 edificios e 915 vivendas.

Agora, coa creación do Centro Rexurbe –o primeiro en Galicia–, avanza o paso definitivo para a posta en marcha de iniciativas, proxectos e programas a nivel arquitectónico, dirixidos a fomentar as políticas de rehabilitación e a mellora do espazo público, con outras medidas desde o punto de vista económico, demográfico e social.

Este centro, que dependerá do Concello, será o punto de información, asesoramento, xestión, seguimento e difusión da Área Rexurbe de Mondoñedo, co obxectivo de impulsar as actuacións de recuperación, rexeneración e dinamización do ámbito. Segundo o plan de dinamización da Área, aprobado en febreiro deste ano, as actuacións previstas para o período 2020-2024 requirirán dun investimento de aproximadamente 16,9 millóns de euros.

En virtude do convenio autorizado hoxe, a Xunta dispón unha contía de case 140.000 euros para impulsar o funcionamento deste centro, que deberá contar con medios e materiais humanos para atender os obxectivos do programa.

Cómpre lembrar que actualmente en Galicia existen tres áreas Rexurbe, todas elas declaradas en 2020: Mondoñedo, A Coruña e Ribadavia. Así mesmo, o Concello de Tui tamén remitiu a súa

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

solicitude oficial de declaración dunha Área Rexurbe ao IGVS, organismo que está a revisar a solicitude; e o Concello de Ferrol tamén manifestou a súa vontade de contar con outra que abranguera o ámbito de Ferrol Vello.

Por outra banda, cabe salientar que Mondoñedo é un concello exemplar e comprometido coa rehabilitación, pois, ademais de contar cunha Área Rexurbe, participa dos fondos e das axudas que se promoven ao abeiro das áreas de rehabilitación integral e tamén do Programa Rexurbe, polo que se adquiren inmobles para a súa recuperación e destinados ao alugamento social.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ELABORARÁ UNHA GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS PARA MELLORAR A INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA DOS PORTOS AUTONÓMICOS

- O Consello aproba a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio, Portos de Galicia e o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos para a redacción dun novo título da *Colección Paisaxe Galega*
- Os traballos comezarán este mesmo ano, cunha diagnose do estado actual dos portos, coa previsión de rematar o documento no primeiro trimestre de 2022
- O investimento destinado á elaboración das guías, entre as nove que se xa se publicaron e as que están en elaboración, é de máis de 400.000 euros

A xestión, conservación e mellora das paisaxes de Galicia desde as súas distintas perspectivas é unha das metas da Xunta de Galicia. Por esta razón, o Goberno galego impulsa a elaboración dunha guía de boas prácticas para mellorar a integración paisaxística dos 122 portos de titularidade autonómica que existen na Comunidade.

Este é o principal obxectivo do convenio de colaboración, autorizado esta mañá polo Consello, entre o Instituto de Estudos do Territorio —dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda—, Portos de Galicia —Consellería do Mar— e o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, polo cal se redactará a nova *Guía de recomendacións básicas para evitar o impacto na paisaxe das instalacións portuarias da Xunta de Galicia*, que terá un custo total de preto de 40.000 euros.

As entidades asinantes coinciden en que a integración paisaxística dos espazos portuarios permitirá preservar e mellorar a excepcional paisaxe que rodea as diferentes edificacións que se atopan nas dársenas e terreos anexos ou auxiliares, vinculados ás diferentes actividades —lonxas, talleres, almacéns, cafetarías, etc.— que se atopan no ámbito portuario e, en consecuencia, dar un pulo á calidade de servizos dos traballadores e usuarios.

Esta nova guía pretende ser un manual con medidas e recomendacións que permitan un impacto positivo na paisaxe destes establecementos e evitar ou corrixir o feísmo dos existentes. Ao mesmo tempo, iníciase a recuperación ordenada e paulatina das contornas naturais e urbanas en que se sitúan os portos, que son competencia da Xunta.

Polo tanto, o documento será unha ferramenta primordial para o desenvolvemento da política que pretende levar a cabo o Goberno galego en materia de planificación e ordenación portuaria, para a integración das instalacións existentes e de nova construción coa paisaxe marítima,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xunto coa fisionomía das vilas e urbes en que se sitúan. Así, servirá para a consulta en canto ás recomendacións de xeometrías, deseños, materiais e cores.

Os traballos do Goberno galego para a súa elaboración comezarán este mesmo ano, coa diagnose do estado actual dos 122 portos autonómicos, coa previsión de contar con este documento no primeiro trimestre de 2022.

Guías temáticas para a mellora de paisaxes concretas

Cómpre lembrar que a nova guía está incluída no Plan estratéxico da paisaxe galega 2021-2024, aprobado no mes de marzo, que propón a elaboración de novas publicacións dentro da *Colección Paisaxe Galega*. De feito, a Xunta está a dedicarse paralelamente a outros títulos incluídos no Plan.

A Xunta leva anos traballando na elaboración de guías específicas para mellorar a xestión, ordenación e conservación das paisaxes de Galicia. A primeira guía publicada, no ano 2012, foi a Guía de estudos de impacto e integración paisaxística. No ano seguinte editáronse tres, para a integración paisaxística dos establecementos de acuicultura litoral, de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais, e a de intervención en sistemas praia-duna.

No ano 2017, o Instituto de Estudos do Territorio lanzou outros dous títulos: a Guía para a integración paisaxística de valados e de cor e materiais; á que se sumou en 2019 a de estudos da paisaxe urbana. No ano 2020 publicáronse os últimos dous títulos: a Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos e a de integración de actividades extractivas.

O investimento destinado á elaboración das guías, entre as que se xa se publicaron —un total de nove— e as que están en elaboración, é de máis de 400.000 euros. Todas as dispoñibles poden consultarse e descargarse de xeito gratuíto na páxina web do Instituto de Estudos do Territorio.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE BOIMORTO PARA DOTAR DE SANEAMENTO OS NÚCLEOS DE VILADÓNIGA, O OUTEIRO E O PEDRAL CUN INVESTIMENTO DE 540.000€

- A Xunta achegará o 80 % do orzamento, 432.000 euros, e executará as obras, mentres o Concello de Boimorto contribuirá co 20% restante, 108.000 €
- Os traballos teñen un prazo de execución de catro meses e serán financiados con fondos europeos do programa Feder de resposta fronte á pandemia
- Construirase unha rede de colectores e unha depuradora para dotar de saneamento un conxunto de vivendas unifamiliares dispersas nunha zona en que tamén se sitúa unha pequena explotación gandeira e un bar
- O Goberno galego segue prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades municipais dun xeito eficiente e continuar mellorando a calidade da auga e da vida da poboación do medio rural

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Boimorto para dotar de servizo de saneamento os núcleos de Viladóniga, O Outeiro e O Pedral, cun investimento de 540.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80 % coa achega de 432.000 euros. O Concello de Boimorto contribuirá ao financiamento do 20 % restante, destinando 108.000 euros.

Unha vez autorizado polo Executivo autonómico e asinado este acordo, Augas de Galicia estará en disposición de licitar as obras, que teñen un prazo de execución de catro meses. As actuacións serán financiadas pola Unión Europea, no marco do Eixe REACT UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19.

Pola súa banda, a entidade local tamén asume a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

As obras que se van executar

Na actualidade estes tres núcleos carecen dunha rede de saneamento de augas residuais. Trátase dunha zona rural con vivendas unifamiliares, na súa maioría dispersas. Na contorna tamén hai unha pequena explotación gandeira de vacún e un bar.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As obras recollidas no convenio autorizado hoxe polo Goberno autonómico consisten na instalación dun sistema de saneamento composto por unha rede de colectores cos seus correspondentes pozos de rexistro e unha estación depuradora de augas residuais.

Executarase unha rede de colectores por gravidade sen bombeos intermedios e cun tramo fincado para cruzar unha estrada autonómica. A rede rematará nunha depuradora de augas residuais que funcionará cun panel solar co que alimentar a instalación e un punto de luz.

A rede de colectores executarase en tubaxe de PVC, de diámetro 250 mm, cos seus correspondentes pozos de rexistro. A lonxitude total da rede é de máis de 2,5 km, complementada con 75 unidades de pozo de rexistro.

Con estas obras darase servizo a unha poboación de 99 habitantes para o ano horizonte 2044.

O Goberno galego segue prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades dun xeito eficiente e continuar mellorando a calidade da auga e a calidade de vida da poboación galega no medio rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DE OURENSE E CO CONCELLO DE BANDE PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIARIA NA TRAVESÍA DO MUNICIPIO CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 726.000€

- O convenio establece os termos da colaboración para a execución e para o financiamento das actuacións encamiñadas a reducir a velocidade neste tramo urbano da estrada OU-540
- A Xunta financiará a metade do custo da intervención, que achega máis de 363.000 euros, e a outra metade asúmea a Administración provincial, e o Concello é o responsable da contratación e execución das obras
- As actuacións, que desenvolven a proposta da Dirección Xeral de Tráfico, inclúen a mellora da seguridade viaria de interseccións, a continuidade de itinerarios peóns, a reordenación do aparcadoiro e a mellora das paradas de autobús
- Tamén se mellorará a accesibilidade e disporase de iluminación específica nos pasos de peóns

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Bande para executar as obras de mellora da seguridade viaria na travesía do municipio.

A intervención, que suporá un investimento de máis de 726.000 de euros, realizarase na estrada OU-540, no tramo urbano que comprende os puntos quilométricos 39+560 e 41+240, que coinciden co inicio e final da travesía de Bande, de titularidade municipal.

Mediante o convenio autorizado hoxe, régúlase a cooperación entre as partes para a execución e financiamento das actuacións, encamiñadas a reducir a velocidade neste tramo de estrada, que conta cunha sección moi ancha e cunha falta de definición de entrada á zona urbana de Bande.

A Xunta financiará a metade do custo das actuacións, que achega máis de 363.000 euros, e a outra metade asúmea a Deputación Provincial de Ourense. Pola súa banda, o Concello de Bande asume a contratación e execución das obras.

O proxecto, redactado polo departamento de Infraestruturas da Xunta, desenvolve a proposta formulada pola Dirección Xeral de Tráfico para a mellora da seguridade viaria, a través de distintas actuacións para reducir a velocidade neste treito da estrada autonómica que une a cidade de Ourense co lugar da Madalena, na fronteira portuguesa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As obras inclúen a mellora da seguridade viaria de interseccións e a continuidade de itinerarios peonís interrompidos. Para a redución da velocidade actuarase nos estreitamentos de carrís e nos sobreanchos en beirarrúas.

Na intervención, tamén se prevé a reordenación do aparcadoiro e a mellora das paradas de autobús.

Ademais, mellorarase a accesibilidade e disporase de iluminación específica nos pasos de peóns. Os traballos complétanse cunha nova capa de rodadura en todo o tramo da actuación.

O Goberno galego mantén entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione aos cidadáns unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

No seguinte mapa amósase a zona da actuación:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Sección da travesía de Bande:


COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal




INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SECCIÓN 1 (CON APARCAMIENTO)
Escala: 1/75



SECCIÓN 1 (CON ACERA)
Escala: 1/75



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA OS PROGRAMAS DE INVESTIGACIÓN AVANZADA DAS UNIVERSIDADES DA CORUÑA E VIGO CUNHA INXECCIÓN DE MÁIS DE 9,3 M€

- Asinaranse convenios coas tres universidades para este fin
- O reforzo dos centros e unidades de I+D+i e a captación de talento, principais eixes das accións conveniadas

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á colaboración entre as universidades da Coruña (UDC) e Vigo (UVigo) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i. Deste xeito, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade asinará convenios de colaboración con cada unha destas institucións académicas a través dos cales inxectarán máis de 9,3M€ para reforzar os seus programas de investigación avanzada.

Esta acción enmárcase no compromiso do Goberno galego de dotar o Sistema universitario de Galicia dun completo ecosistema de investigación universitaria, encabezado polos oito centros acreditados como centros de investigación do Sistema universitario de Galicia (CIGUS). Neste momento a Xunta de Galicia ten en marcha un potente programa de formación e retención de persoal investigador que absorbe un orzamento de 40M€ e inclúe os contratos predoutorais e posdoutorais, o novo Programa de atracción e retención de talento e a liña de apoio aos centros de investigación acreditados, aos cales se suman estes dous novos convenios e o que está previsto asinar tamén coa Universidade de Santiago de Compostela.

Captación de talento e apoio a centros

Cun investimento de máis de 4,8 M€, o convenio coa Universidade de Vigo terá como obxectivo reforzar a captación de talento investigador para as accións xa en marcha e para cubrir as novas necesidades estratéxicas. Esta acción inclúe a contratación de investigadores para o CIM (Centro de Investigación Mariña), para a agrupación estratéxica ECOBAS (Economics and Business Administration for Society), para o CINBIO (Centro de Investigacións Biomédicas) e a formalización de contratos de persoal investigador distinguido para reforzar a área de coñecemento agroalimentario do Campus de Ourense.

Así mesmo, impulsaranse dous dos Centros do Sistema Universitario de Galicia, en concreto o CIM e o CINBIO e reforzaranse as estruturas de xestión dos tres campus de especialización (Campus Auga, Campus CREA e Vigo Tecnolóxico) e das agrupacións estratéxicas ECOBAS (Economics and Business Administration for Society) e CITACA (Clúster de Investigación e Transferencia Agroalimentaria do Campus da Auga). O acordo ten tamén entre as súas finalidades o apoio ao xurdimento do CINTECX (Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, impulsaranse accións varias con foco específico na calidade da docencia, como as dirixidas a potenciar os mestrados para acadar o selo de excelencia; así como outras con foco específico de alto impacto e interese na I+D+i, como o apoio na avaliación quinquenal do selo HR Excellence in Research.

Estruturas de Investigación

O importe do convenio coa UDC ascende a máis de 4,4 M€. Este acordo pon especial fincapé no reforzo do único campus de especialización acreditada a nivel nacional, o Campus Industrial de Ferrol. Neste sentido, recóllese accións para o reposicionamento do CIT (Centro de Investigacións Tecnolóxicas), como o mapeo das súas capacidades de investigación e o reforzo das súas estruturas e axenda científica. Tamén accións de apoio para crear un centro de investigación mixto coas empresas claves de Ferrolterra (Navantia, ASIME...), na liña das especialización do Campus de Ferrol na industria naval.

Así mesmo, o convenio cobre a realización de varias obras singulares de apoio á investigación neste centro, como a revalorización da canle de ensaios hidrodinámicos como infraestrutura singular, a creación dun *living lab* para proxectos a escala piloto con empresas, dun laboratorio de experimentación en enerxías limpas ligadas ao aproveitamento do mar (*hub* de enerxías *offshore*) ou a optimización do equipamento para laboratorios demostradores.

Así mesmo, inclúense accións de fortalecemento de centros como o CITIC (Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions), o CICA (Centro de Investigacións Científicas Avanzadas) e o CITEEC (Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil).

Por outra banda, impulsaranse outras accións de especial interese en materia de I+D+i como a reestruturación e fortalecemento dos servizos de investigación e innovación facendo fincapé no tecido produtivo e empresarial a través da creación do servizo XACIDI (Xestión, Apoio e Coordinación da Investigación, Desenvolvemento e Innovación da UDC) ou a continuidade na definición de programas dirixidos á especialización dos Campus da Sustentabilidade e Campus Innova e de apoio ao Campus Industrial.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 65.000€ PARA PROMOVER ATA 2024 O ESTUDO DO GALEGO NA UNIVERSIDADE DE OXFORD

- O Consello da Xunta autoriza o convenio con esta institución académica para a docencia, investigación e promoción da lingua e a cultura galegas
- O acordo enmárcase na liña de traballo do Goberno autonómico que permite que o galego sexa obxecto de estudo en 36 universidades nacionais e internacionais

A Xunta de Galicia vén de renovar a súa colaboración coa Universidade de Oxford, no Reino Unido, para promocionar ata 2024 a lingua, a literatura e cultura galegas no ámbito académico neste centro de referencia no seu ámbito territorial cun investimento de preto de 65.000€. Trátase dunha achega que permitirá a docencia, investigación e promoción da lingua e a cultura galegas, así como a organización de cursos, conferencias, seminarios, congresos etc. Ademais da contía económica, o Goberno autonómico prestaralle a orientación e apoio pedagóxico e didáctico á universidade se así o demanda e difundirá as actividades desenvolvidas ao abeiro deste acordo.

A autorización deste convenio supón un novo paso da Xunta de Galicia na súa liña de traballo para promocionar o coñecemento e estudo da lingua galega en distintas partes do mundo. Trátase dunha estratexia que permite que na actualidade o galego sexa obxecto de estudo en 36 universidades nacionais (9) e internacionais (27).

Programas formativos

Dentro das universidades que colaboran coa Administración autonómica, 27 contan con lectores –licenciados en Filoloxía Galega–, asentados en departamentos coñecidos como centro de estudos galegos, que imparten materias de Lingua Galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Así mesmo, complementan os programas formativos numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia.

Ademais da colaboración cos centros de estudo, o Goberno galego tamén ten en marcha bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en distintas universidades do mundo. Así, nos últimos meses, o Consello da Xunta autorizou a convocatoria pública de seis bolsas en distintas universidades de España e de países como Italia, Francia, Brasil ou Croacia cun investimento global próximo aos 300.000 euros e a sinatura de convenios de colaboración con institucións académicas en España, Italia e Portugal.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 100.000€ Á REHABILITACIÓN DO AUDITORIO DA CASA MUSEO ROSALÍA DE CASTRO EN PADRÓN

O Consello da Xunta autoriza un convenio coa Fundación que dá continuidade ao compromiso iniciado pola Administración autonómica en 2017 para mellorar o inmovible

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a un novo convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fundación Rosalía de Castro polo que o Goberno galego destinará 100.000€ para rehabilitar o auditorio da Casa Museo dedicada á escritora en Padrón. Trátase dunha colaboración que dá continuidade ao compromiso iniciado pola Administración autonómica no ano 2017 co obxectivo de mellorar e acondicionar este histórico inmovible.

A previsión é que, grazas a este novo acordo plurianual, se rehabilite este simbólico espazo en que se desenvolven multitude de actividades culturais que van desde charlas e conferencias ata presentación de libros, celebración de xornadas ou sesións de teatro e musicais de todo tipo. En definitiva, un espazo versátil que se adecúa a usos distintos atendendo ás necesidades.

As actuacións que se levarán a cabo na zona do auditorio teñen un custo de preto de 170.000€, dos cales a Consellería de Cultura, Educación e Universidade achegará 100.000€ en dúas anualidades a través do convenio aprobado hoxe.

Este investimento súmase á achega feita pola Administración autonómica nos últimos anos á Fundación Rosalía de Castro para actuacións de acondicionamento e reforma no complexo de Padrón. Así, no ano 2017 iniciouse esta colaboración para intervir nos edificios anexos á Casa-Museo Rosalía e esta colaboración renovouse en 2019 co fin de levar a cabo actuacións de acondicionamento no pavimento dos xardíns exteriores.

Todas estas actuacións forman parte da liña de actuación estratéxica do Goberno galego encamiñada a colaborar con concellos, asociacións, fundación e entidades culturais no ámbito da promoción e difusión da cultura galega para dotala dunha concepción ampla e participativa na que o conxunto da sociedade poida ter acceso.

Restaurada no ano 1971

A Casa Museo Rosalía de Castro está dedicada á lembranza da escritora, onde viviu os derradeiros anos da súa vida co seu marido e os seus fillos ata que morreu, en 1885. Está rodeada dun espazo verde e foi restaurada no ano 1971. Na actualidade é propietaria do inmovible a Fundación Rosalía de Castro, que continúa o labor que comezara o Padroado Rosalía de Castro, creado en 1947.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, entre os seus obxectivos primordiais están o coñecemento da figura e obra da escritora ao mesmo tempo que difundir a do seu marido, o historiador Manuel Murguía, ademais de encargarse da conservación da Casa-Museo e do Panteón da escritora situado na igrexa de San Domingos de Bonaval en Santiago.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SERGAS DESTINA MÁIS DE 4,7 MILLÓNS DE EUROS ÁS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS

O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga dos concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e as universidades de Santiago, A Coruña e Vigo. A renovación desta colaboración coas tres universidades galegas permite a utilización das institucións sanitarias co obxectivo docente, asistencial e de investigación.

Esta colaboración –iniciada no 2001- conta cun orzamento global que ascende a 4.766.443 euros, para un período dun ano: o segundo semestre de 2021 e o primeiro semestre de 2022.

Esta achega representa, por unha banda, o compromiso da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego da Saúde cos seus profesionais, para que compartan a actividade asistencial coa docente e investigadora; e, pola outra, o compromiso co alumnado, ao poñer á disposición do sistema universitario galego todos os seus recursos.

O orzamento dos concertos está destinado a financiar todo o custo de persoal derivado da dispoñibilidade para a docencia pregraduada, posgraduada e continuada dos profesionais. Tamén o cumprimento dos acordos e obxectivos específicos adquiridos coa colaboración, como a formación dos alumnos de ciencias da saúde para conseguir os mellores profesionais do futuro e o mantemento da cualificación dos profesionais ao seu máis alto nivel. Así como traballar para que as ensinanzas universitarias relacionadas coas ciencias da saúde poidan ser utilizadas para a mellora constante da atención sanitaria.

Ademais, os concertos potencian a investigación das ciencias da saúde, coordinando as actividades das universidades coas das institucións sanitarias para unha mellor utilización dos recursos humanos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 340.000 EUROS ÁS ESCLAVAS DE LA VIRGEN DOLOROSA PARA A PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- O convenio busca axudar a financiar os gastos derivados da execución dos programas que se desenvolven nos centros de Mos e Crecente
- Aprobáronse acordos cunha decena de entidades de iniciativa social do eido da discapacidade por unha contía total de 950.000 euros
- Estas achegas súmanse aos 4 millóns cos que a Xunta garante a continuidade do servizo e as condicións laborais dos traballadores das federacións de entidades de discapacidade

O Consello da Xunta aprobou unha axuda de 340.000 euros ás Esclavas de la Virgen Dolorosa para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución de programas da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas con discapacidade intelectual nos centros de Mos e Crecente.

O acordo con esta entidade forma parte dos 950.000 euros cos que o Goberno galego aposta polo mantemento das iniciativas dunha decena de entidades non federadas dirixidas a garantir a asistencia básica e o desenvolvemento das persoas con discapacidade intelectual, tratando de recuperar o máximo posible as capacidades de cada persoa e procurando a mellora da calidade de vida e da integración social e laboral.

A finalidade destes programas é a mellora das habilidades para solucionar as incidencias diarias, autocontrol das emocións e condutas, autonomía para resolver problemas, habilidades sociais, redución e eliminación de condutas desadaptadas, apoio a necesidades específicas e comunicación coas súas familias.

Esta nova aposta do Executivo autonómico polas entidades de discapacidade demostra unha vez máis que o compromiso da Administración autonómica sempre se mantivo firme, incluso nos momentos máis complicados. Froito diso, Galicia incrementou nos seus orzamentos para este ano un 11 % o investimento nesta materia ata chegar ao 126 millóns de euros, o dobre que en 2009.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A FUNDACIÓN PAIDEIA AMPLÍAN A SÚA COLABORACIÓN PARA A MELLORA FORESTAL DE GALICIA IMPULSANDO A PRODUCCIÓN DE CARBALLO E DE BIDUEIRO PARA POÑELOS A DISPOSICIÓN DA CADEA MONTE-INDUSTRIA

- O Goberno galego investirá máis de 173.000 euros para promover as frondosas caducifolias a través da mellora xenética, garantindo a dispoñibilidade de plantas de calidade para o seu emprego nos nosos montes e, en consecuencia, a xeración de recursos que poidan ser utilizados pola industria
- O Consello da Xunta aprobou a renovación do convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural e a Fundación Paideia Galiza en 2018, cando xa se acordara fomentar a plantación de carballos
- Cabe sinalar que a mellora xenética das distintas especies que compoñen os nosos montes é un dos principais obxectivos do Plan Forestal de Galicia 2021-2040, que prevé a posta en marcha dun Programa de conservación de recursos xenéticos que abranguerá, en 20 anos, 15.000 hectáreas de superficie

A Consellería do Medio Rural e a Fundación Paideia Galiza renovarán a súa colaboración para mellorar o material forestal de reprodución da nosa comunidade, a través dun proxecto que suporá un investimento de 173.287 euros por parte do Goberno galego. O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á sinatura deste novo acordo tras o rubricado entre as partes co mesmo fin en 2018, que contara cun financiamento público de 135.000 euros.

Así, ao abeiro do primeiro convenio acordouse principalmente impulsar as actividades de investigación e transferencia da produción de carballo (*Quercus robur*), por tratarse dunha das especies de maior interese nos montes galegos. Desta volta, inclúese tamén o bidueiro (*Betula pubescens*) como especie autóctona que é necesario promover no ámbito das frondosas caducifolias a través da mellora xenética, garantindo a dispoñibilidade de plantas de calidade para o seu emprego nos nosos montes e, en consecuencia, a xeración de recursos que poidan ser utilizados pola industria.

En concreto, a Fundación Paideia Galiza comprométese a continuar coa reprodución e mantemento polo método de cultivo *in vitro* dos descendentes de 20 xenotipos de carballo, seleccionados nos diferentes rodaís selectos de Galicia, para a conservación do seu xermoplasma e a subministración de material suficiente para as instalacións de mouteiras demostrativas. Así, realizarase tanto no viveiro de Cultigar -pertencente á Fundación- como no Centro de Investigación Forestal (CIF) de Lourizán -dependente da Xunta- a optimización do crecemento en viveiro previo á plantación en campo das 1.000 plantas achegadas entre todos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

os xenotipos. Nesa liña, procurarase producir cando menos 15 plantas de cada un destes 20 xenotipos, para poder instalar un campo de ensaio clonal coas suficientes garantías a nivel estatístico.

Así mesmo, a Fundación buscará ampliar a base xenética da colección inicial de carballo - mediante a clonación *in vitro* das árbores sobresaíntes adultas- e realizará estudos de conservación en frío dos xenotipos estudados desta especie para o mantemento do seu xermoplasma a longo prazo. Canto ao bidueiro, analizará a capacidade de multiplicación e posta a punto da técnica de reprodución por cultivo *in vitro* dos individuos sobresaíntes desta árbore na plantación experimental de Bóveda. Tamén se xerminarán parte das sementes que se recollan destes individuos e se estudará a posibilidade de clonales mediante cultivo *in vitro*. Por último, encargárase da posta a punto da metodoloxía para o estudo das características da madeira das diferentes árbores sobresaíntes de carballo e bidueiro, así como de organizar unha xornada para a divulgación do traballo realizado e para a formación sobre a xestión forestal.

No que respecta á Consellería do Medio Rural, un dos seus labores será colaborar nas accións previstas con persoal técnico e científico especializado. Concretamente, a través do CIF Lourizán e da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, destinará a cumprir os obxectivos do convenio unha doutora experta en xenética forestal, un coordinador e un técnico especialista en material forestal de reprodución. A Xunta tamén participará na coordinación técnica e na programación das actuacións e comprométese a continuar co programa de mellora xenética do carballo, así como a garantir a rastrexabilidade do material recollido desta especie. No caso do bidueiro, acorda impulsar o programa de mellora xenética desta árbore e garantir tamén a rastrexabilidade do material recolectado para a súa reprodución. Por último, xunto cos técnicos da Fundación Paideia Galiza, a Consellería avaliará en campo o material resultante do cultivo *in vitro* testando, entre outros, a súa idoneidade para ser transferido e comercializado polo sector.

Nese senso, cómpre sinalar que o convenio persegue reducir a dependencia externa na comercialización das ditas especies procedentes doutros países da Unión Europea, abordando liñas de traballo co obxectivo fundamental de establecer metodoloxías e procedementos técnicos para a produción en Galicia nas cantidades que se están a demandar, co fin de asegurar un correcto establecemento e viabilidade de futuro nas repoboacións dos nosos montes, coas mellores características xenéticas que permitan a resiliencia dos nosos bosques e, ao tempo, o abastecemento da cadea monte-industria.

Para rematar, cabe engadir que a Fundación Paideia Galiza se dedica á investigación e ao desenvolvemento tecnolóxico no eido da mellora da produción da planta de distintas especies

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

forestais. Así, os laboratorios de Cultigar -pertencentes á Fundación- representan a única institución de carácter privado en Galicia capaz de desenvolver os traballos de investigación e produción de planta forestal mediante o método de micropropagación, co uso de técnicas de reprodución *in vitro*. Nesa liña, a Fundación presenta unha dilatada experiencia en especies forestais con actual demanda no sector como o carballo, a cerdeira e o castiñeiro, tal e como vén demostrando desde o primeiro convenio asinado coa Xunta en 2018 para a mellora do material forestal de reprodución da nosa comunidade.

Plan Forestal de Galicia 2021-2040

Cabe sinalar que a mellora xenética das distintas especies forestais da nosa comunidade é un dos principais obxectivos do Plan Forestal de Galicia “Cara á neutralidade carbónica”, que persegue un monte multifuncional onde se compatibilicen os usos económicos e sociais cos servizos ecosistémicos que achegan os bosques (valores edáficos, hidrícos, ecolóxicos e a conservación dos recursos de fauna e flora), con especial atención a políticas de conservación *in situ* dos recursos xenéticos, complementando con accións de conservación *ex situ*.

En concreto, entre outras medidas, ao abeiro deste plan prevese a posta en marcha dun programa de conservación de recursos xenéticos que abranguerá, ata o ano 2040, 15.000 hectáreas de superficie.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA COLABORAN PARA A VALORIZACIÓN COMERCIAL DE DIVERSAS VARIEDADES VEXETAIS DE GALICIA CO OBXECTIVO DE INCREMENTAR A COMPETITIVIDADE DAS EXPLOTACIÓNS DA NOSA COMUNIDADE

- O Consello da Xunta deu luz verde á sinatura dun convenio entre o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) e a citada fundación para impulsar a comercialización de árbores froiteiras, hortalizas ou forraxes autóctonas melloradas
- O Goberno autonómico investirá nesta iniciativa máis de 154.000 euros, para cumprir obxectivos deica finais de abril do vindeiro ano 2022
- O presente acordo vén precedido dunha colaboración entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e a Fundación Juana de Vega no período 2017-2020, para a caracterización e conservación de castes autóctonas de interese agrario, vitícola e forestal que contribuíron ao mantemento do Banco de Xermoplasma de Galicia
- Así, por unha banda, ofrecéselles aos agricultores, viticultores e silvicultores da nosa comunidade recursos xenéticos acaídos para reforzar a competitividade das súas explotacións e, por outra, contribúese á conservación dun patrimonio natural de incuestionable interese público

A Consellería do Medio Rural (a través do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo - CIAM-, dependente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria -Agacal-) e a Fundación Juana de Vega asinarán un convenio de colaboración para a valorización comercial de diversas variedades vexetais de Galicia, incluíndo aquelas castes que se consideran interesantes para o desenvolvemento do agro galego pola súa resiliencia e dada a súa maior adaptación ao medio. A finalidade é poñer estas variedades á disposición dos produtores da nosa comunidade, para que poidan incrementar o rendemento das súas explotacións e, en consecuencia, a súa competitividade e rendibilidade. Ao tempo, perséguese promover a súa conservación como parte do patrimonio natural galego.

O Consello da Xunta vén de dar luz verde a esta colaboración, que suporá un investimento por parte do Goberno galego de 154.232 euros, para cumprir obxectivos deica finais de abril de 2022. Enmarcada na convocatoria interna de 2020 da Agacal relativa a accións de cooperación para a implantación de proxectos piloto ou para o desenvolvemento de novos produtos ou prácticas, a iniciativa está financiada ao abeiro do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

En virtude do convenio, o CIAM e a Fundación Juana de Vega fíxanse un total de cinco accións para levar a cabo. Así, primeiramente, apostarase pola valorización das coleccións de maceiras

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e pereiras conservadas no Banco de Xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, buscando a súa protección fitosanitaria, aplicando rareos, podas en verde ou o manexo de cobertura vexetal para seguidamente colleitar a froita e analizar os resultados obtidos. En segundo lugar, perseguirase a mellora de caracteres determinantes da conservación e comercialización do tomate negro de Santiago, avaliando características como a dureza dos froitos e obtendo semente das plantas seleccionadas.

O convenio tamén se centrará na valoración nutricional de ecotipos pratenses autóctonos -susceptibles de empregarse en pastos- para a posible creación de variedades comerciais galegas e da revalorización das variedades comerciais xa creadas no CIAM para a reinclusión no mercado. En cuarto lugar, determinaranse parámetros de calidade en variedades de trigos autóctonos galegos mediante tecnoloxía NIRS -que permite a predición rápida e fiable da calidade e composición química de mostras de orixe vexetal e agroalimentaria- para a sementeira de novos ecotipos e a súa análise posterior. Por último, cuantificaranse as antocianinas -un tipo de pigmentos- en millos pigmentados en comparación con millos amarelos de ecotipos do Banco de Xermoplasma do CIAM, tamén para a súa posterior avaliación.

Canto ás obrigas das partes, máis aló do orzamento comprometido, o CIAM proporcionará recursos humanos e os medios técnicos e científicos dispoñibles nas súas instalacións, ao tempo que asumirá a dirección, coordinación e seguimento do proxecto, así como a misión de divulgación dos resultados. Canto á Fundación Juana de Vega, como axente cooperante contribuirá na realización de tarefas técnicas de campo e de laboratorio achegando recursos humanos especializados, ao tempo que colaborará na difusión da iniciativa.

Cómpre sinalar que o presente convenio vén precedido dunha colaboración entre a Agacal e a Fundación Juana de Vega no período 2017-2020, para o desenvolvemento das actividades necesarias para a caracterización e conservación de castes autóctonas de interese agrario, vitícola e forestal, cun notable éxito acreditado, de maneira singular, no mantemento do Banco de Xermoplasma de Galicia. Así, por unha banda, ofrecéselles aos agricultores, viticultores e silvicultores da nosa comunidade recursos xenéticos acaídos para reforzar a competitividade das súas explotacións e, por outra, contribúese á conservación dun patrimonio natural de incuestionable interese público.

Cabe engadir que o obxecto estatutario da Fundación Juana de Vega é promover o coñecemento, conservación e desenvolvemento do medio rural de Galicia, con especial dedicación á formación da súa poboación activa, á preservación da súa contorna natural e humana e á mellora da súa base económica e das actividades relacionadas. Nesa liña, a Fundación ten entre os seus obxectivos particulares o apoio á investigación e innovación no

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

rural galego para contribuír á mellora da competitividade do sector agroalimentario e forestal da nosa comunidade.

Nesa dirección, cómpre lembrar que a citada fundación xa ten colaborado coa Consellería do Medio Rural para desenvolver a Estratexia de dinamización do sector lácteo galego xa en marcha ou a Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia, entre outras iniciativas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTRIBUIRÁ A COMPLETAR A FORMACIÓN DE TITULADOS EN INVESTIGACIÓN MARIÑA MEDIANTE BOLSAS DE PRÁCTICAS CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 190.000 EUROS

- O Executivo galego autorizou hoxe o compromiso de gasto para oito bolsas de especialización que se desenvolverán no Centro de Investigacións Mariñas da Consellería do Mar entre este ano e 2023
- Esta medida contribuirá a preparar os beneficiarios de cara á súa incorporación ao mercado laboral, así como a avanzar nas liñas de investigación que teñen en marcha os centros do CIMA de Vilanova de Arousa e Ribadeo
- Trátase da sétima convocatoria de bolsas deste tipo, unha acción formativa que nas seis edicións anteriores permitiu formar a 48 profesionais

O Consello da Xunta autorizou hoxe o compromiso de gasto para a convocatoria de oito bolsas de formación dirixidas a titulados de ciclos formativos de grao superior en materia de Acuicultura e Análise e Control que se desenvolverán no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), dependente da Consellería do Mar. Para o financiamento destas accións formativas, o Executivo galego destina algo máis de 186.000 euros que se repartirán entre as anualidades 2021, 2022 e 2023 coa finalidade de fomentar a investigación e a especialización nestas materias.

Estas bolsas de especialización son para a realización de prácticas como persoal auxiliar de investigación mariña ofrecendo a oportunidade de participar en experiencias e programas específicos de investigación e facilitando unha preparación práctica cualificada moi útil para a súa posterior incorporación ao mercado laboral.

Trátase dunha medida que contribuirá a que os beneficiarios poidan atopar unha ocupación pero tamén a avanzar na investigación mariña, ao contar con profesionais mellor formados, o que irá en beneficio do conxunto do sector pesqueiro e marisqueiro, así como da economía de Galicia.

A formación realizarase durante dous anos no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), tanto nas súas instalacións de Corón (Vilanova de Arousa) como no Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo. Neste caso, cinco das bolsas serán para prácticas que se desenvolverán no centro de Corón e as tres restantes para o de Ribadeo.

A estas accións formativas poderán optar os alumnos titulados como técnicos superiores en Acuicultura ou técnicos superiores en Análise e Control. O importe de cada bolsa inclúe unha

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

asignación mensual bruta de 900 euros e a alta no réxime xeral da Seguridade Social. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, que está prevista nos vindeiros días.

O CIMA

O Centro de Investigacións Mariñas é un organismo público de investigación non universitaria que conta cunha ampla experiencia en completar a formación de persoal auxiliar en investigación mariña procedente da formación profesional. De feito, esta é a sétima convocatoria deste tipo que realiza o Executivo galego tras a participación de 48 persoas nas seis edicións anteriores.

O CIMA ten como función básica o desenvolvemento de investigacións que permitan unha xestión racional e eficiente dos recursos mariños de Galicia así como asesorar a Administración galega nas cuestións da súa competencia que demandan os diferentes sectores produtivos. Esa boa xestión contribúe a impulsar a economía das zonas costeiras ao incidir nos resultados da produción acuícola e marisqueira.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 1,4M€ NO SEGUNDO SEMESTRE DESTE ANO EN ACTUACIÓNS DO PLAN DE RENOVACIÓN DE MOBILIARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

- O Goberno galego xa publicou a licitación por 1M€ para o subministro de mobiliario de oficina e despachos para os xulgados da comunidade e 435.600 para a instalación de armarios compactos móbiles
- A Cidade da Xustiza de Vigo inclúese nas sedes que recibirán lotes de mobiliario e tamén se destinarán 332.750 para o equipamento dos seus arquivos
- A Xunta leva executados no período 2019-2021 máis de 1,5 M€ deste plan, que viu afectada a súa execución pola COVID-19

O Consello da Xunta informou hoxe do balance do Plan de Renovación de Equipamento Mobiliario 2018-2021 para a Administración de Xustiza de Galicia, no marco do que se prevé no segundo semestre deste ano a contratación de actuacións que ascenden a 1,4 millóns de euros.

Por unha banda, a Xunta xa publicou a licitación por 1 millón de euros da subministración de mobiliario de oficina e despachos co obxectivo de dotar os órganos xudiciais da comunidade do material necesario para levar a cabo as súas funcións. Así, continuarase coa renovación do mobiliario das sedes xudiciais que o precisen, en especial nos xulgados de cidades como Lugo ou o edificio antigo dos xulgados de Pontevedra, xunto coa dotación de equipamento para a futura Cidade da Xustiza de Vigo.

Ademais, para o segundo semestre tamén está en tramitación o contrato para licitar por 435.600 euros a instalación de armarios compactos móbiles nos arquivos xudiciais. En concreto, 332.750 euros para o novo edificio da Cidade da Xustiza e outros 102.800 euros para os xulgados da rúa Berlín de Santiago de Compostela.

No ano 2009 a Xunta aprobou Plan de Infraestruturas no ámbito da Administración de Xustiza, para programar as actuacións dos seguintes anos, partindo das necesidades de espazo que requiren as correspondentes proxeccións de crecemento da planta xudicial e tendo en conta especialmente as necesidades de mellora e adaptacións das sedes xudiciais. O Goberno galego destinou a este Plan máis de 115 millóns de euros, que culminará este ano coa Cidade da Xustiza de Vigo, a obra xudicial máis importante na historia da comunidade.

O Plan de Renovación de Equipamento de Mobiliario aprobado en 2018 cun investimento previsto de case 5 millóns de euros supón un complemento do Plan de Infraestruturas. Púxose en marcha co obxectivo de mellorar e modernizar o equipamento mobiliario dos órganos e servizos xudiciais en Galicia, especialmente en dous ámbitos, o mobiliario de despachos e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

oficinas e o mobiliario para os arquivos xudiciais, mediante a extensión das instalacións de armarios rodantes, pola súa eficiencia en materia de aproveitamento dos espazos dispoñibles. Mediante este plan tamén se están a atender as melloras requiridas pola normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, no que atinxe á custodia e arquivo da documentación xudicial.

Cómpre aclarar que, a súa execución se viu afectada pola situación excepcional provocada pola pandemia do coronavirus, que obrigou a centrar as actuacións nas medidas de prevención ante a COVID-19 para garantir a protección dos traballadores da Administración de Xustiza.

En canto á renovación de mobiliario e despachos, no período 2019-2021, supuxo máis de 725.400 euros en actuacións que se centraron no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG); as Audiencias Provinciais da Coruña, Lugo e Pontevedra; e os xulgados da Coruña, Santiago, Ferrol e Ourense. Tamén se instalou mobiliario nos novos edificios xudiciais de Pontevedra e de Tui; no Xulgado de Menores de Lugo; no Xulgado de Primeira Instancia número 15 da Coruña; así como nos Xulgados do Social, número 4 de Santiago, no número 4 de Lugo, no número 7 da Coruña e no número 6 e número 7 de Vigo. Ademais, investíronse case 808.000 euros na instalación de armarios compactos móbiles nos arquivos xudiciais da Audiencia Provincial da Coruña no edificio da antiga Fábrica de Tabacos e nos edificios dos xulgados de Lugo, Ourense e Pontevedra. En total, todas estas actuacións implicaron un investimento de máis de 1,5 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA ACTUACIÓNS POR VALOR DE 2,4 MILLÓNS DE EUROS PARA A MELLORA DE 28 ALBERGUES EN SETE RUTAS

- Ata finais de ano levaranse a cabo traballos no Camiño Francés, Portugués, Vía da Prata, Primitivo, Camiño do Norte, Fisterra-Muxía e Inglés
- O plan inclúe a remodelación integral de dous albergues e a mellora da iluminación do Monte do Gozo

O Consello da Xunta informou hoxe do avance do Plan de obras e melloras na Rede pública de albergues para peregrinos que se están a executar este ano, no marco do Plan director do Camiño de Santiago que remata este ano e que conta, entre as súas liñas estratéxicas, coa da conservación e mantemento de todas as infraestruturas asociadas ao Camiño, tamén as de acollida.

Con este obxectivo levaranse a cabo ata finais de ano actuacións en 28 albergues públicos por importe de 2,4 millóns de euros que permitirán mellorar as condicións de confort dos usuarios, a accesibilidade e eficiencia enerxética nos edificios, a mellora ambiental e a conservación do patrimonio galego. Neste contexto de actuacións levaranse adiante remodelacións integrais de dous albergues, o de Arca (O Pino) e o de Palas de Rei por importe de 1,1 millóns de euros, no Camiño Francés. As actuacións neste itinerario completaranse con obras de mellora noutros catro albergues: Sarria, Airexe-Ligonde (Monterroso), Triacastela e Mato-Casanova (Palas de Rei) por valor de algo máis de 158.300 euros. O importe total neste trazado supera os 1,2 millóns de euros.

A Vía da Prata será o segundo itinerario con maior número de actuacións, con obras en cinco albergues (Ourense, Sandiás, Vilar de Barrio, Xinzo e Xunqueira de Ambía) que suporán un investimento en melloras de 90.000 euros. No Camiño Portugués executaranse traballos en catro albergues por importe de algo máis de medio millón de euros, o máis importante deles o da mellora da eficiencia enerxética que se fará no albergue Virxe da Peregrina de Pontevedra, que se completarán con obras nos albergues de Teo, O Porriño e Valga.

No Camiño do Norte as actuacións realizaranse nos albergues de Gontán, Lourenzá, Mondoñedo e Ribadeo para reforma de cubertas, baños e cociñas, instalacións e mellora da accesibilidade por importe de 137.000. No de Fisterra-Muxía execútanse traballos en tres albergues por importe de 117.000 euros (Muxía, Fisterra e Olveiroa) mentres que no Camiño Primitivo os traballos levaranse adiante noutros catro albergues: A Fonsagrada, Lugo, Seixas e San Román da Retorta (Guntín) por importe de máis de 95.000 euros. No Camiño Inglés actuarase no albergue de Miño onde se acometerán obras de reforma por importe de algo máis de 25.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Finalmente, os traballos de mellora das instalacións de acollida aos peregrinos completaranse con actuacións nas instalacións do Monte do Gozo, onde comezarán o vindeiro mes as obras de mellora da iluminación por importe de algo máis de 185.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REPARTE PRETO DE 5,5M€ ENTRE MEDIO CENTO DE CONCELLOS GALEGOS PARA A MELLORA DE PARQUES EMPRESARIAIS E A CONSTRUCCIÓN DE NOVOS VIVEIROS INDUSTRIAIS

- A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación investirá 4,12M€ nun total de 58 proxectos para a modernización das infraestruturas de 51 municipios –38 deles concellos emprendedores–
- A tipoloxía máis demandada é a da mellora das infraestruturas viarias, aínda que tamén se apoiarán actuacións relativas á xestión de residuos, instalación de sistemas de seguridade e vixilancia, depuración de augas e colectores, así como instalacións de loita contra incendios
- Impulsará tamén a construción de seis viveiros industriais –A Veiga, A Lama, O Corgo, Paradela, Monforte de Lemos e Bóveda– cunha axuda total de 1,34M€
- As actuacións permitirán fortalecer o tecido empresarial galego, crear emprego e mellorar a oferta de solo empresarial

O Consello da Xunta avaliou esta mañá as resolucións das axudas da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para mellorar a competitividade dos parques empresariais galegos e construír novos viveiros industriais. En total, investirá 5,46M€ en medio cento de consellos.

Por unha banda, a Xunta de Galicia destinará 4,12M€ para apoiar 58 proxectos de mellora das infraestruturas de 52 parques empresariais repartidos por 51 municipios galegos. Deles, 38 son concellos emprendedores. A maior parte dos apoios (38) dedicaranse a infraestruturas viarias, aínda que tamén se realizarán proxectos relacionados coa xestión de residuos, a instalación de sistemas de seguridade e vixilancia, plantas de depuración de auga e colectores con vertedura á depuradora municipal, así como instalacións comúns destinadas á loita contra incendios dentro do parque.

Por provincias, A Coruña contará cun total de 21 proxectos que se apoiarán con preto de 1,7M€; Pontevedra 15, con axudas de máis de 800.000 euros; Ourense 13, cun apoio de máis de 900.000 euros; e Lugo 9, con axudas que superan os 680.000 euros.

Destacan actuacións como a ampliación da estación depuradora de augas residuais que se realizará no polígono industrial de Celanova cunha axuda de 111.772 euros; a mellora do pavimento en dúas rúas do polígono industrial de Sigüeiro (Oroso), no que tamén se

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

substituirá unha canle de formigón cun apoio de máis de 99.000 euros; así como a continuación dunha vía no concello da Rúa ao que se destinarán preto de 120.000 euros.

Por outra banda, a Xunta colaborará coa creación ou acondicionamento de seis viveiros industriais cunha achega de 1,34M€ co obxectivo de impulsar a implantación e consolidación de empresas.

En concreto, catro deles estarán na provincia de Lugo: O Corgo, Paradela, Monforte de Lemos e Bóveda. Construirase un quinto viveiro na Veiga (Ourense) e o sexto no concello pontevedrés da Lama.

Estas dúas ordes de axudas da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación contribúen á mellora dos parques empresariais, fomentando a incorporación ou renovación de infraestruturas, impulsando a oferta de solo empresarial e repercutindo na creación de emprego e no fortalecemento do tecido da Comunidade. Estas liñas xa levan permitido apoiar 627 proxectos de infraestruturas desde 2009, así como a execución de 13 viveiros industriais desde o ano 2016.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 2M€ EN NOVAS INICIATIVAS E AXUDAS DIRECTAS A PEMES PARA REFORZAR A SÚA APOSTA POLO DESEÑO COMO FERRAMENTA DE COMPETITIVIDADE EMPRESARIAL

- Fomenta a construción dun ecosistema galego de deseño e innovación e utiliza estes elementos como aliados para a transformación económica e social de Galicia
- O novo Programa de deseño para a innovación e sustentabilidade 2024-Diferenza pretende posicionar Galicia como un referente europeo neste ámbito, tal e como proxectaron Luis Seoane e Isaac Díaz Pardo a través do Laboratorio de Formas de Galicia
- Activarase tamén unha liña de apoios por 1,5M€ para que 50 pemes galegas poidan mellorar a súa capacidade innovadora a través do deseño de produtos, servizos e experiencias, marcas e identidade corporativa
- Recoñecerase o labor dos empresarios e profesionais a través da convocatoria da 2ª edición dos Premios Galicia de Innovación e Deseño

O Consello da Xunta deu luz verde, na súa reunión desta mañá, a un investimento de 2,36M€ para reforzar a aposta de Galicia polo deseño como unha ferramenta de competitividade empresarial e de mellora da calidade de vida das persoas. Este compromiso materialízase a través da posta en marcha dun novo Programa de deseño para a innovación e sustentabilidade 2024-Diferenza, unha liña de axudas específica para pemes e a segunda convocatoria dos Premios Galicia de Innovación e Deseño.

Así, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación asinará, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), un convenio de colaboración coa Fundación Didac para impulsar o novo Programa de deseño para a innovación e sustentabilidade 2024-Diferenza. Trátase dun proxecto estratéxico a catro anos en liña coas prioridades marcadas pola New European Bauhaus -para a busca de solucións innovadoras aos problemas actuais- e que, á vez, pretende usar o carácter diferencial de Galicia, tal e como proxectaron Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo no Laboratorio de Formas de Galicia.

Potenciará actuacións como a construción de grupos multidisciplinares de cocreación para establecer pontes entre a ciencia e a tecnoloxía e a arte e a cultura co deseño como nexo condutor; o desenvolvemento de novos produtos, servizos e modelos de negocio que se constitúan como exemplos de deseño para a innovación e a sustentabilidade; así como accións para favorecer o recoñecemento, visibilidade e difusión de empresas e profesionais que aposten por estes elementos para a mellora do benestar social e a competitividade empresarial. Ademais, constituirase unha Rede internacional de profesionais do deseño galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A iniciativa dá continuidade ao Programa de Deseño para a Innovación 2020 que no período 2018-2020 executou un total de 780.000 euros para incorporar o deseño ao mundo empresarial e poñer en valor a figura do deseñador impulsando a posta en marcha do mapa de provedores de servizos de deseño; unha plataforma en liña con imaxes sobre a historia do deseño na Comunidade; proxectos pilotos sectoriais, así como encontros e publicacións sobre o tema, entre outras medidas.

A Xunta lanzará, tamén, unha nova liña de axudas ao deseño, DeseñaPeme, dirixida ás microempresas e ás pequenas e medianas empresas co obxectivo de mellorar a súa capacidade de innovación e sustentabilidade, a través da xestión do deseño estratéxico de produtos, servizos e experiencias, marcas e identidades corporativas. Agárdase apoiar 50 proxectos a través dun investimento de 1,5M€ con axudas que irán dos 5000 aos 100.000 euros.

O Goberno galego quere, ademais, recoñecer o labor de persoas e empresas galegas comprometidas co deseño ou cuxa contribución á innovación é un elemento clave para o desenvolvemento da súa estratexia profesional e crecemento empresarial. Preténdese mellorar o prestixio do deseño galego.

Por iso convocará a 2ª edición dos Premios Galicia Innovación e Deseño, que contará con tres categorías nos galardóns de innovación (traxectoria innovadora, grande empresa e peme) e outras tres no apartado do deseño (profesionais, empresas, mozos e mozas deseñadores). Agás as modalidades grande empresa e empresa, que son honoríficas, o resto contarán cunha dotación económica de 15.000 euros cada un.

Con este conxunto de medidas, a Xunta pretende construír un ecosistema galego de deseño e innovación e facer do deseño unha ferramenta de transformación social e económica, capaz de mellorar a competitividade empresarial, os contornos urbanos e a vida da cidadanía. Deste xeito, o deseño actuará como un elemento clave para a reactivación económica, a potenciación de novos modelos sostibles, a humanización da tecnoloxía e a estimulación da innovación nas empresas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA LIDERA O CAMBIO NA FORMACIÓN PARA O EMPREGO COA CREACIÓN DO PRIMEIRO CAMPUS VIRTUAL DE ESPAÑA PARA MÁIS DE 1.000 CENTROS E 15.000 ALUMNOS AO ANO

- O Goberno autonómico informou do acordo entre a Consellería de Emprego e Igualdade coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) para impartir en tempo real de xeito virtual a formación para o emprego da Comunidade
- A Xunta aposta pola dixitalización da oferta de cursos para a cualificación de traballadoras e traballadores e dá resposta co Campus Virtual a unha demanda da sociedade e do tecido empresarial galego
- A iniciativa busca acercar a formación a todo o territorio galego e a aqueles alumnos que teñen dificultades para desprazarse

Galicia disporá a partir do próximo mes de xullo do seu propio Campus Virtual, que recollerá a oferta formativa da Xunta para a cualificación de persoas desempregadas e ocupadas. O Consello informou hoxe do acordo entre este a Consellería de Emprego e Igualdade e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) dotado con 332.500 euros, para pór en marcha a nova plataforma que, ademais de adaptar a formación para o emprego aos novos procesos de dixitalización, achegará as accións a lugares que carecen de centros acreditados na nosa Comunidade.

Serán destinatarios da formación do Campus Virtual 15.000 alumnos ao ano que participan nuns 1.700 cursos convocados no marco do Plan de formación para o emprego da Xunta de Galicia. Así mesmo, Galicia será a primeira Comunidade en facilitar unha plataforma de aula virtual destas características para as preto de 1.100 entidades formativas acreditadas en Galicia, así como dos trece centros de formación que ten a Consellería de Emprego e Igualdade, onde se imparte prioritariamente formación para desempregados como os de Santiago, Ames, Negreira, Melide, Ferrol, A Coruña, Vigo, Bueu, Allariz, Ourense, Lugo, Viveiro e Monforte. A eles sumaranse os programas específicos da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo: Autónomos dixitais, Crecendo en dixital, Sénior é dixital, Formadores dixitais, Empregabilidade dixital, Rumbo dixital, Habilidades dixitais, Rural en dixital, Son executiva.

Co Campus Virtual, a Xunta ratifica a súa aposta pola dixitalización da formación para o emprego e dá así resposta a unha demanda da sociedade e do tecido empresarial. É intención da Xunta que toda a formación para o emprego de Galicia se vaia incorporando de xeito paulatino á nova plataforma.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ferramenta permitirá implantar en Galicia un novo modelo formativo que, a través das novas tecnoloxías, permitirá a flexibilidade na impartición dos cursos, ademais de beneficiar directamente valores como a conciliación.

Ofrece, por outra banda, unha alternativa virtual para acercar á formación para o emprego aos alumnos que poidan ver limitada a súa capacidade de se desprazaren e levará a oferta formativa a todo o territorio galego.

A plataforma permitirá impartir as clases a través dun sistema síncrono en tempo real, dun xeito directo e interactivo e habilitado polo uso de medios electrónicos.

Entre outros servizos, a aula contará con videoconferencia, repositorio común de documentación, docencia con capacidade de gravación, despachos virtuais para docentes, plataforma de ensino (*Moodle*) autoxestionada polo profesorado ou arquivo de vídeo baixo demanda.

Este espazo garantirá unha capacidade mínima de 25 asistentes a cada unha das actividades e ofrecerá a posibilidade de compartir escritorios e aplicacións ou controlar a participación do alumnado en cada momento, entre outras funcionalidades.

Outra das bondades da aula virtual é que disporá da tecnoloxía necesaria para verificar e acreditar a participación ou asistencia do alumnado e do persoal docente, ademais dos métodos para facer o control de presenza, a realización de exercicios prácticos e a superación dos controis periódicos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SERGAS CONVOCARÁ CONCURSO OPOSICIÓN DE 320 PRAZAS DE 17 CATEGORÍAS DE PERSOAL FACULTATIVO E DE XESTIÓN DO SERGAS

- Está previsto que a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* se efectúe nos días 30 de xuño e 5 de xullo

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, vén de informar, no Consello da Xunta, da inminente convocatoria de concurso-oposición para o acceso a 17 categorías de persoal estatutario facultativo e de xestión e servizos do Sergas. O número total de prazas que se convocan ascende a 320, das cales, 21 corresponden ás especialidades médicas de cirurxía oral e maxilofacial, cirurxía pediátrica, cirurxía plástica, estética e reparadora, inmunoloxía e oncoloxía radioterápica, 24 a persoal técnico de sistemas e tecnoloxías da información, 46 a traballador social, 12 a condutor, 105 a persoal das categorías de costureiro, lavandeiro e pasador de ferro, e 112 a persoal de oficios das categorías de calefactor, electricista, fontaneiro e mecánico.

Está previsto que a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* se efectúe nos días 30 de xuño (facultativos) e 5 xullo (restantes categorías). Dada a súa coincidencia co período estival, o prazo de inscrición estará aberto ata o 31 de agosto. O formulario de inscrición estará dispoñible para as persoas interesadas na Oficina virtual do profesional (Fides/expedient-e).

Coa convocatoria deste proceso, o Sergas completa a execución da oferta de emprego público de persoal estatutario do ano 2018 e a práctica totalidade da correspondente ao ano 2019 - quedando só pendente deste último a convocatoria de dúas categorías, persoal técnico superior (9 prazas) e 302 prazas da categoría de enfermaría que se acumularán para a súa tramitación nun único proceso coas dos anos 2020 e 2021 ata acadar un total de 1.070 prazas. As convocatorias de concurso oposición para o acceso a estas dúas categorías está previsto publicalas este mesmo ano.

Así mesmo, avánzase no desenvolvemento dos procesos selectivos correspondentes á oferta dos anos 2020 e 2021.

Prestación de servizos durante a pandemia

As convocatorias que se publicarán neste mes de xuño incorporan como mérito a valorar na fase de concurso a prestación efectiva de servizos durante a situación de emerxencia sanitaria orixinada polo coronavirus, nos termos recollidos na disposición adicional cuarta da Lei 4/2021, como recoñecemento do esforzo e dedicación dos profesionais que, de xeito directo, participaron na xestión e atención durante a pandemia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, nas categorías de persoal facultativo e de traballador social, con atención directa aos usuarios, os servizos prestados na mesma categoría a que optan, en virtude de nomeamento administrativo ou contrato laboral por conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias públicas ou privadas concertadas no período comprendido entre o 14 de marzo de 2020 e o 9 de maio de 2021, valoraranse cunha puntuación equivalente ao dobre da puntuación asignada a cada un destes méritos na epígrafe correspondente do baremo.

Puntuación adicional específica

Así mesmo, nestas convocatorias, co obxecto de asegurar a cobertura asistencial dos centros sanitarios illados e cubrir a demanda asistencial e de servizos de toda a poboación galega, con independencia da súa localidade de residencia premiando así o esforzo e compromiso dos profesionais que están a prestar servizos nestes ámbitos, continúaase a valorar na fase de concurso cunha puntuación adicional específica, a prestación de servizos nos centros hospitalarios do Barco de Valdeorras, Verín, A Mariña, Cee e Monforte de Lemos, así como en centros do nivel de atención primaria que reúnen tal condición de illamento; a maior parte deles situados nas provincias de Lugo e Ourense.

Un total de 2.000 prazas

Estas novas convocatorias súmanse ás publicadas por este organismo nos meses previos, de modo que, logo de engadir estas, estarán en tramitación, con proceso de selección xa convocado un total de 2.000 prazas, das cales 1.311 xa teñen fixada data de realización dos exercicios da fase de oposición ao longo do mes de setembro e outubro deste ano.

Así, durante a fin de semana do 18 e 19 de setembro desenvolverán a fase de oposición un total de 22 especialidades médicas. Durante a fin de semana do 25 e 26 de setembro realizaranse os exercicios para o acceso a outras 15 especialidades. Os días 2 e 3 de outubro serán un total de 9 as categorías que realizarán os seus exercicios, e por último, a fin de semana do 23 e 24 de outubro, realizaranse os exames para o acceso ás categorías de técnico en farmacia e técnico superior en laboratorio de diagnóstico clínico.

En total, están convocados para a realización de exame un total de 8.812 aspirantes.

Aprobación de novas convocatorias

A incorporación de persoal fixo á Administración sanitaria contribúe a acadar maiores niveis de eficacia, favorecendo a conformación de equipos estables de traballo, con baixos niveis de rotación. Isto redunda nun maior grao de satisfacción dos usuarios e contribúe a unha xestión máis eficiente dos recursos públicos.

Está previsto que, no segundo semestre do ano, se aproben novas convocatorias de probas selectivas, entre outras, para a cobertura de 143 prazas de médico de familia e 1.070 de enfermeiro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicárase a lista de admitidos no proceso e procederase á constitución dos tribunais de selección.

As novas convocatorias tratan de dar resposta ás necesidades organizativas e asistenciais identificadas como prioritarias, con especial atención aos ámbitos asistenciais con maior demanda de efectivos e necesidade de estabilización.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA XA TEN APROBADO O SEU PROTOCOLO PARA A EUTANASIA

- Mañá entra en vigor a Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia, e a Xunta ten preparados, ademais, unha Guía técnica asistencial sobre o procedemento médico para a realización da prestación de axuda para morrer e un Proxecto de decreto polo que se crea a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia na Comunidade Autónoma
- Galicia segue a apostar polo modelo de atención aos enfermos terminais regulado na súa Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2017. Mañá venres, día 25, entra en vigor a Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia, e a Xunta de Galicia xa ten preparados tres documentos para cumprir coa obriga legal de garantir a tramitación das solicitudes da prestación de axuda para morrer regulada pola devandita lei. Trátase do Protocolo sobre o procedemento administrativo, a Guía técnica asistencial sobre o procedemento médico, e o Proxecto de decreto polo que se crea a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia na Comunidade Autónoma de Galicia.

O primeiro deles, o Protocolo sobre o procedemento administrativo para a realización da prestación de axuda para morrer, xa foi remitido ás áreas sanitarias e está publicado na web do Sergas. Nel, defínense as figuras de “médico responsable” e “médico consultor” instauradas pola lei orgánica.

O médico responsable pode ser de atención primaria, de HADO, de atención hospitalaria ou calquera outro designado pola dirección asistencial de cada área en función da solicitude presentada. O médico consultor debe ser un facultativo con formación no eido das patoloxías que padece o paciente, e que non pertenza ao mesmo equipo asistencial do médico responsable nin sexa o facultativo especialista habitual do seguimento da patoloxía principal do doente que solicita a prestación de axuda para morrer. Establece o procedemento de designación de médico responsable e oficializa os modelos de solicitude e outros documentos formais determinados para ofertar esta prestación.

En canto á Guía técnica asistencial, recolle o procedemento médico para a realización da prestación de axuda para morrer. Entre outros asuntos, este documento define o circuío de prescrición, preparación e subministración da medicación para a prestación de axuda para morrer; as instrucións para a prescrición e administración dos ditos fármacos, e o material necesario para canalización dunha vía venosa, adicional aos fármacos utilizados e as recomendacións para a preparación do paciente e do seu contorno.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén detalla o procedemento de administración dos fármacos a través de vía intravenosa para a sedación previa, a prevención da dor irritativa, a indución do coma e a relaxación muscular; o procedemento que se seguirá no caso de que o paciente elixa a modalidade de auto-administración, e as instrucións para reaccionar ante os riscos que se poden presentar no proceso, e para determinados trámites burocráticos.

No referido ao terceiro documento, o proxecto de decreto regulador da Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia na Comunidade Autónoma de Galicia, polo que se regula a creación e autorización dos comités de Ética Asistencial, cuxa tramitación comezou en abril; xa está remitido ao Consello Consultivo e pendente só deste ditame, garantindo que a Comisión poida estar constituída cando as primeiras solicitudes presentadas requiran da súa intervención.

O Decreto que crea esta Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia define o seu réxime xurídico e a súa composición, dentro do marcado pola lexislación orgánica. Así, a Comisión debe ser multidisciplinar e contar cun mínimo de 7 membros entre os que se incluírán persoal médico, de enfermaría e xuristas. A Comisión galega contará con 12 membros, dos que sete serán persoal médico, dous profesionais de enfermaría e tres serán xuristas.

Galicia segue a apostar polo modelo de atención aos enfermos terminais regulado na súa Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, que foi aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia. Para potenciar a súa aplicación, reforza o papel dos Comités de Ética Asistencial das áreas sanitarias para implicalos na garantía dos dereitos das persoas enfermas terminais conforme a devandita lei.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal